



AXUDAS ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR PARA 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA CURSO 2019-2020

-Lexislación aplicable: Orde do 3 de maio de 2019 *pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2019/20 (código de procedemento ED330B).*

O alumnado ten a **obriga de conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable** adquiridos na súa integridade con cargo ao importe das axudas.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: 21 de MAIO ata o 21 de XUÑO DE 2019 (incluídos)

LUGAR DE PRESENTACIÓN : Tal e como establece a orde no artigo 10.3 as solicitudes presentaranse preferiblemente accedendo á aplicación Fondolibros, e unha vez que cubertos todos os datos deberase gardala, obtendo así o número de solicitude, e posteriormente poderase optar polas seguintes formas de presentación:

- **Presentación na secretaría do centro:** Neste caso imprimírase a solicitude (anexo I) e o anexo II e presentaranos no centro (debidamente cumprimentados e asinados), xunto coa documentación complementaria (A solicitude xa terá asignado un número pola aplicación).
- **Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.** Neste suposto o centro recibirá un aviso no seu correo electrónico que lle informará de que ten solicitudes presentadas por esta vía.

A solicitude será única para todos os fillos e, de ser o caso, tutelados, que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2019/20, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no citado curso. Se estivesen admitidos en centros docentes distintos, presentarase unha solicitude en cada un dos centros, en que se incluírán os admitidos nese centro para o curso 2019/20. No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación fondolibros será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno.

Poderán presentar solicitudes os pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado.

REQUISITOS

1. Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado en educación primaria, durante o curso escolar 2018/2019.
2. Ter unha renda per cápita familiar **igual ou inferior a 5.400 euros.**
3. **Devolución dos libros de texto pertencentes ao fondo solidario ata o 17 de xuño de 2019 (ALUMNADO QUE ESTEA CURSANDO 4º EP ESTE CURSO).**
4. Respetar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR (en Sede Electrónica ou centro escolar)

Deberase achegar os documentos orixinais ou copias cotexadas. **Cando a documentación se presente no centro docente, achegaranse fotocopias e os respectivos orixinais, para que a persoa que a reciba verifique a súa autenticidade.**

- **ANEXO I** debidamente cuberto.

- **DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA:**

a) Anexo II para a comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar. No caso de **que a persoa solicitante e/ou os membros computables se opoñan a esta consulta**, **deberán indicalo no cadro correspondente e ademais deberán de achegar os seguintes documentos xustificativos:**

- DNI ou NIE
- Declaración do imposto sobre as persoas físicas ou, á falta deste, o certificado tributación de imputacións no exercicio 2017.
- Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia
- Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%)

b) Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación a 31 de decembro do 2017, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros:

1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia

2º. Certificado ou volante de convivencia

3º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

c) Certificado acreditativo do grao de discapacidade, se fose o caso, recoñecido **por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.**

d) Violencia de xénero: Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

e) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de G.

g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor e titoras carezan de DNI e NIE.

En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro do 2017, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

CÁLCULO DA RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR

Para os cálculos da **renda familiar** terase en conta o **exercicio fiscal do 2017**, sumaranse a base imponible xeral (recadro 415) e a base imponible de aforro (recadro 435) e dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

O Equipo Directivo